

AVISO AO PARAÍSO

(Fonte: La Voz de Galicia; martes, 1 de abril do 1997)

Anoxado pola impresentable xustificación das dietas da Deputación de Lugo, que os seus responsables tentaron encambar, soñei na pasada noite co meu tío Xosé, home boíño, que finara en primavera, vai para dezasete anos. Fora mestre en Lugo, na Escola "Aneja Masculina", da avenida de Ramón Ferreiro, onde tiña colegas distintos e diversos naquela angueira dos vellos ensinantes por sensibilizar desde todas as fronteiras do pensamento humanista aos seus alumnos da escola pública. Cando eu apuntaba a barba, presentoume a catro deles, indo de viños, de regreso da escola. Lémbrome de don Gregorio, don Tarsicio, don Macario, don Narciso Peinado..., conversadores, sabios da memoria lucense, universalizados e respectuosos. Paraban, en días alternos, en tres tabernas de viño tinto e cunca branca: unha na rúa da Cruz, outra na Praza do Campo e a *penúltima* na rúa Nova. Despois da liturxia, cadaquén marchaba na procura dos seus respectivos andares (o do meu tío era un terceiro humilde na rúa de San Froilán).

Nunha destas visitas a Lugo, cando eu xa botara unha noiva, faloume con moito cariño dos seus alumnos, da fermosa vocación de mestre, de orgullecer formando e conformando amigos e persoas que han ser agradecidas, cidadáns do mundo cada vez máis xusto e menos avaricioso. Cadrei con el, porque era honesto e a proposta ensoñada non cabía na mentira. E así, ao chou, contoume dos varios *ex* que destacaban non ámbitos das ciencias, da cultura, da política... "Han ser bos, porque tiveron bos mestres". E sorría. Entre os nomes que citou estaba o de Francisco Cacharro Pardo. Fiquei con el. Pouco despois os xornais da época referenciaban cada paso da súa andaina pola provincia lucense. No cinco de maio do ano 1980 finou Xosé, o meu tío. Non sei a que altura estaría daquela o seu alumno Paquito, nin se terá hoxe a memoria direcional cara aos vellos mestres da Escola "Aneja Masculina" de Lugo. Pero si lles digo que eu, no acordar do soño e á vista destas novas sorprendentes das *dietas para os excelsos deputados da excelentísima de Lugo e a súa xustificación* por parte de don Francisco, mandei recado urxente ao Paraíso.

Obriga de cronista, de cidadán e de sobriño. ¡Ai non!